

As palmeiras de Gran Canaria (1)

Xosé Otero Canto, 24 de xullo de 2026

<https://www.galiciadigital.com/opinion/opinion.40123.php>

A árbore que deita nos terreos onde os volcáns abriron as súas bocas de lume e fume son e foron as palmeiras, coas súas palmas cóncavas ou convexas, nunha elegancia de xénero masculino ou feminino, elevadas, altivas, garridas, espallando os seus brazos curvos, sempre curvos, aos ceos coruscantes na grandeza dos firmamentos canarios onde Venus sempre está presente e na grandeza do horizonte, sempre azul, e elas, as palmeiras, escamadas, vírides "entresombreando" terreos e alboreceres, collendo a auga necesaria e gardándoa nos seus alxibes para empregala na continuidade dos días extasiados de quenturas. Ai as palmas!

Continuará...

Gran Canaria (Costa Meloneras) 13-6-2026